



UNIÓN EUROPEA

Fondo Social Europeo
O FSE inviste no teu futuro



XUNTA
DE GALICIA



Preguntas
frecuentes
sobre o
**Plan de rescate a persoas
traballadoras autónomas
[TR400A]**



Orde do 17 de novembro de 2020

galicia

Preguntas frecuentes sobre o Plan de rescate a persoas traballadoras autónomas

I. PERFIL DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

1. Quen pode ser persoa beneficiaria destas axudas?

Todas as persoas traballadoras autónomas de alta no RETA ou no réxime de traballadores do mar (RETM) como traballadoras por conta propia, sempre que cumpran o resto dos requisitos de acceso as axudas.

2. Se son unha persoa autónoma societaria ou colaboradora, pode solicitar estas axudas?

Si. As persoas autónomas societarias ou colaboradoras, se reúnen o resto dos requisitos de acceso ás axudas, poden solicitalas e beneficiarse delas.

II. REQUISITOS DE ACCESO AS AXUDAS

3. Ademais de estar dado de alta no RETA ou no RETM, que outros requisitos debo reunir para poder solicitar estas axudas?

- Ter o seu domicilio fiscal en Galicia.
- Ter recoñecida a prestación do cesamento de actividade na súa modalidade ordinaria ou extraordinaria derivada do impacto da COVID-19 (Real Decreto-Lei 30/2020, do 29 de setembro, de medidas sociais en defensa do emprego).

4. Se teño o cese de actividade aprobado no anterior estado de alarma de marzo de 2020, pero non solicitei o derivado do Real Decreto-Lei 30/2020, podo solicitar a axuda?

Non, neste caso non cumprirá os requisitos.

5. Para acceder a estas axudas é preciso desenvolver a actividade económica nun determinado sector de actividade?

Non. Estas axudas están abertas a todos os sectores económicos e a calquera actividade.

Non obstante, a contía da axuda será máis alta se a persoa beneficiaria desenvolve a súa actividade económica en sectores cuxa actividade estivera especialmente paralizada.

6. Aínda se reunise todos os requisitos de acceso as axudas, hai algunha circunstancia que puidese impedir o acceso as mesmas?

Si. Non poderán ser beneficiarias destas axudas:

- As persoas ou entidades que non estean ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social ou teñan pendente de pagamento algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.
- As persoas ou entidades que fosen condenadas mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.
- As empresas que solicitasen a declaración de concurso ou fosen declaradas insolventes.

III. SOLICITUDE

7. Cal é o prazo para solicitar as axudas do Programa de rescate das persoas traballadoras autónomas?

Ata o 18 de decembro de 2020.

8. Onde e como debo presentar a miña solicitude?

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos na sede electrónica da Xunta de Galicia.

<https://sede.xunta.gal>.

As persoas solicitantes deberán cumprimentar o modelo de solicitude que figura no Anexo da Orde do 17 de novembro de 2020.

9. Podo presentar a miña solicitude presencialmente nas oficinas da Xunta de Galicia?

Non, é preciso presentar a solicitude por medios electrónicos. A presentación da solicitude de xeito presencial non é efectiva.

10. Debo presentar documentación acreditativa das circunstancias da miña empresa xunto coa solicitude da axuda?

A solicitude inclúe unha declaración responsable do cumprimento dos requisitos de acceso ás subvencións.

Ademais, requírese a autorización das persoas solicitantes para comprobar os seus datos, se estes figuran nalgunha Administración Pública.

No caso de opoñerse a esta consulta, debe presentar todos os documentos. E lembre, que ata que non estean todos os documentos da declaración responsable, a solicitude non terá efecto.

11. Se tivese que presentar algunha documentación xunto coa solicitude, como debo facelo?

Sempre por medios electrónicos na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>).

12. Se, con posterioridade á presentación da miña solicitude, tivese que facer algún outro trámite respecto da mesma, como debería facelo?

Todos os trámites relativos á solicitude deberán ser realizados electronicamente, accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Sempre debe facelo no seu propio expediente, non debe facelo fóra da solicitude (non utilizar o procedemento PR004).

13. Como me comunicará a Administración Autonómica calquera circunstancia relativa á miña solicitude?

As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos.

Concretamente, a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia ([Notifica.gal](https://notifica.gal)).

Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións, mediante un correo electrónico dirixido á conta de correo que conste na solicitude.

É importante atender as notificacións.

IV. CONCESIÓN DAS AXUDAS

14. Se reúno todos os requisitos do Programa de rescate das persoas traballadoras autónomas, serei beneficiaria dunha subvención?

As subvencións resolveranse por orde de rexistro de entrada das solicitudes presentadas, ata o esgotamento das partidas orzamentarias asignadas.

15. En que datos se basea a Administración para conceder ou denegar as axudas?

Nos datos que figuran na solicitude mediante a declaración responsable da persoa beneficiaria, emitida baixo a súa responsabilidade, e sen prexuízo da comprobación interna dos requisitos.

16. De que prazo dispón a Administración Autonómica para resolver a miña solicitude?

O prazo máximo para resolver e notificar é dun mes, que se computará desde a data de entrada da solicitude no rexistro electrónico.

17. Se a Administración non resolve no prazo dun mes, debo entender que a solicitude foi estimada ou desestimada?

Debe entender que a solicitude foi desestimada. Nestes casos o silencio administrativo é negativo.

18. Se a Administración notificoume a concesión da axuda, debo facer algún trámite para a súa aceptación?

Non, non é necesario, pois a presentación da solicitude supón a aceptación da subvención, no caso de ser concedida.

V. IMPORTE E PAGAMENTO DAS AXUDAS

19. Cal é o importe da axuda para cada persoa traballadora por conta propia que reúna os requisitos xerais de acceso?

1.200 €.

20. Cal é o importe da axuda se a persoa beneficiaria pertence, ademais, a sectores cuxa actividade estivera especialmente paralizada?

Neste caso a contía da axuda incrementase ata acadar os 2.000 €.

21. Cales son os sectores cuxa actividade considérase especialmente paralizada, de cara á percepción dunha axuda de contía superior á ordinaria?

O lecer nocturno. Nesta categoría inclúense discotecas, pubs (tamén cafés categoría especial e karaokes), cafés-espectáculo (incluíndo cafés-concerto, cafés-teatro, cafés-cantante e tablaos flamencos), salas de festas e salas de concertos.

Actividades económicas do ámbito das atraccións de feiras que non teñan establecemento aberto ao público e que pertencen aos seguintes CNAE: 4724, 4729, 4781, 4782, 4789, 5610, 5629, 5630 e 9200.

Os negocios encadrados nos seguintes CNAE:

- CNAE 4932: transporte por taxi.
- CNAE 5010: transporte marítimo de pasaxeiros.
- CNAE 5030: transporte de pasaxeiros por vías navegables interiores.
- CNAE 5621: provisión de comidas preparadas para eventos.
- CNAE 5914: actividades de exhibición cinematográfica.
- CNAE 7911: actividades das axencias de viaxes.
- CNAE 7912: actividades dos operadores turísticos.
- CNAE 7990: outros servizos de reservas e actividades relacionadas con eles.
- CNAE 8230: organización de convencións e feiras de mostras.
- CNAE 9001: artes escénicas.
- CNAE 9002: actividades auxiliares ás artes escénicas.
- CNAE 9004: xestión de salas de espectáculos.
- CNAE 9321: actividades dos parques de atraccións e dos parques temáticos.
- CNAE 9329: outras actividades recreativas e de entretemento.

22. Como e cando terá lugar o pagamento das axudas?

O aboamento das subvencións reguladas nesta orde realizarase dunha sola vez polo 100%, e dicir 1.200 € ou 2.000 € segundo sexa o caso.

VI. OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

23. No caso de obter unha subvención do Programa de rescate ás persoas autónomas, terei algunha obriga derivada desa condición?

Si, as obrigas xerais das persoas perceptoras de subvencións públicas.

En particular, cabe destacar as seguintes obrigas:

- Deberán estar ao día nas súas obrigas tributarias, estatais e autonómicas, e coa Seguridade Social, así como non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, coa Administración pública da Comunidade Autónoma, con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión.
- Deberán comunicar inmediatamente ao órgano concedente da subvención calquera modificación que afecte as condicións tidas en conta para a concesión da subvención.
- Deberán dispor dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados, que permitan a comprobación e control.
- Deberán adoptar medidas adecuadas de difusión para dar publicidade ao financiamento público das actuacións subvencionadas pola Consellería de Emprego e Igualdade.
- Deberán someterse ás actuacións de control, comprobación e inspección da Xunta de Galicia, e achegar tanta información lles sexa requirida.
- Deberán manter unha pista de auditoría suficiente, manter de forma separada na contabilidade o ingreso da axuda percibida e conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, durante os tres anos seguintes.

24. Ademais das obrigas xerais para persoas beneficiarias de subvencións públicas, o Programa de rescate das persoas autónomas inclúe algunha obriga específica?

Si. As persoas traballadoras autónomas beneficiarias da axuda terán as seguintes obrigas específicas:

- Deben manter a alta no RETA ou no RETM como mínimo 2 meses desde a publicación da orde, e dicir ata o 18 de xaneiro de 2021.
- Deben presentar os indicadores de resultado inmediatos [a través da aplicación Participa 1420](#) ou segundo o modelo que estará á súa disposición na páxina web da Consellería de Emprego e Igualdade, referidos ao momento do cumprimento dos prazos de mantemento da condición de persoa traballadora autónoma.
- Deben facilitar a información necesaria relativa ao desenvolvemento da actividade, que permita dar cumprimento aos requisitos de información a través de indicadores de produtividade.
- Deben cumprir coas medidas de comunicación e información.

25. A Administración autonómica verificará o cumprimento das obrigas por parte das persoas beneficiarias?

Si. A Dirección Xeral de Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social poderá comprobar, en todo momento, a aplicación das subvencións concedidas para os fins programados e, especificamente, comprobará a partir do 18 de xaneiro de 2021 o mantemento da actividade e da alta no RETA ou no RETM ata esta data.

Tamén comprobará a veracidade das declaracións responsables presentadas.

26. Que consecuencias pode carrexar o incumprimento das obrigas por parte das persoas beneficiarias?

Pode carrexar a perda do dereito ao cobramento das axudas, así como o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de demora correspondente desde o momento do pagamento da subvención ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro.

VII. COMPATIBILIDADE E INCOMPATIBILIDADE CON OUTRAS AXUDAS OU SUBVENCÍONS

27. As axudas do Programa de rescate das persoas autónomas son compatibles con outras axudas públicas para este tipo de actividade?

Si, estas axudas son compatibles con outras axudas que poidan outorgar as administracións públicas (mesmo coas do **Programa I. Microempresas** e coas do **Programa II. Hostalaría**, vixentes no mesmo período).

28. Son compatibles as axudas do Programa de rescate das persoas autónomas con outras axudas suxeitas ao réxime de *mínimis*?

As axudas do Programa de rescate das persoas autónomas están suxeitas ao réxime de *mínimis*. Polo tanto, haberá que ter en conta que non poden percibir axudas que superen os 200.000 euros nun período de tres exercicios fiscais.

O límite redúcese a:

- 100.000 euros para as empresas do sector transporte de mercadorías por estrada.
- 30.000 euros para as empresas do sector da pesca.
- 20.000 euros para as empresas do sector agrícola.

O período a ter en conta é sempre de tres exercicios fiscais.

29. Se son unha persoa beneficiaria das axudas do Programa de rescate das persoas autónomas, debo comunicar a solicitude ou concesión doutras axudas públicas?

Si. Aínda que estas axudas son compatibles con outras outorgadas polas Administracións Públicas (mesmo coas do **Programa I. Microempresas** e coas do **Programa II. Hostalaría**, vixentes no mesmo período), a persoa beneficiaria ten a obriga de comunicar ao órgano concedente a solicitude e concesión doutras axudas.

30. Que pode suceder se son beneficiario dunha axuda do Programa de rescate das persoas autónomas, e non comunico a solicitude doutras axudas públicas compatibles?

A non comunicación do feito de ter solicitado doutra axuda determina o reintegro do 5 % da axuda concedida. É dicir, haberá que reintegrar 60 euros se a persoa beneficiaria non desenvolve a súa actividade nos sectores especialmente paralizados, ou ben 100 euros se a desenvolve nos sectores especialmente paralizados, cos posibles xuros que correspondan segundo o caso.



Teléfono gratuito de atención
sobre o plan de rescate

 **900 815 600**



**XUNTA
DE GALICIA**

